

## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 21 DE DECEMBRO DE 2023

<b>Asistentes:</b>	A reunión realizase de xeito presencial na sala de profesorado (Edificio de Facultades) e de xeito telemático na Sala de Xuntas 1 da Facultade de Historia, coa participación dos membros que se citan á marxe o venres 21 de decembro ás 13,00 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:
<b>Presidente</b> Prada Rodríguez, Julio	
<b>Vicedecanos</b> Presedo Garazo, Antonio Arribas Álvarez, M <sup>a</sup> Carmen	1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023. 2. Informe do presidente.
<b>Secretario</b> Rodríguez Teijeiro, Domingo	3. Aprobación, se procede, dos seguintes procedementos e rexistros de procedementos validados na xuntanza da Comisión de Calidade celebrada o 18 de decembro de 2023.
<b>PDI</b> Barriocanal López, Yolanda Comendador Rey, Beatriz López Díaz, María Reboreda Morillo, Susana Uña Álvarez, Elena de Vaquero Díaz, M <sup>a</sup> Beatriz	3.1.a. DE-02 Procedemento de Seguimento e Medición 3.1.b. DE-02 Seguimento. Anexo 1. Modelo de Cadro de mando 3.2.a. DO-0101 Procedemento de Deseño, Verificación, Modificación e Acreditación das titulacións oficiais. 3.2.b. DO-0101 Anexo 1. Formulario ACSUG. 3.3. DO-0102 Procedemento de Seguimento e Melloras das titulacións. 3.4. PE-02 Procedemento de Xestión do Persoal docente e investigador-PDI.
<b>PDI contratado</b> Campos Álvarez, Xosé Ramón	3.5.a. XD-01 Procedemento de Control dos Documentos e dos Rexistros. 3.5.b. XD-01 Anexo 1. Modelo de procedementos.
<b>Estudantes</b> Domínguez Carrera, Lucía Rodríguez Álvarez, Lucía	3.6.a. Rexistro do procedemento R2-DO203 P1. Informe final de avaliación do PAT-ANEAE (curso 2022/2023). 3.6.b. Informe PAT 22-23 M.U. en Valoración, xestión e protección do patrimonio cultural
<b>PAS</b> Rodríguez Bouzas, Josefa	4. Aprobación, se procede, da ponderación das materias de Debuxo Técnico (0), Historia da música e da danza (0,2), Análise musical (0,1), Literatura Dramática (0,1), Movements Culturais e Artísticos (0,2) e Coro e técnica vocal (0) a partires do curso 2024-2025.
<b>Excusan asistencia</b>	
<b>Estudantes</b> Rama Mosquera, Alejandro	5. Aprobación, se procede, da declaración de interese para a modificación non substancial do mestrado de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade. 6. Aprobación, se procede, da modificación do regulamento de prácticas académicas externas grao en Xeografía e Historia. 7. Aprobación, se procede, dos informes da Avaliación docente do 2023 (Quinquenios). 8. Asuntos de urxencia. 9. Rolda de intervencións.

O decano da lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que desculpan a súa ausencia a sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

## **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 01 de decembro de 2023.**

Apróbase á Acta por asentimento.

## **2. Informe do presidente.**

O decano comeza a súa intervención explicando que dado o escaso tempo transcorrido dende a anterior Xunta de Facultade o informe centrarase, como é de rigor, en dar conta á Xunta de Facultade da execución do orzamento do Centro para o ano 2023 pero antes quere dar conta que, como os membros da Xunta de Facultade coñecerán, a Xunta de Galicia anunciou a acreditación do Campus Auga. Quere deixar constancia novamente en acta que deste proceso de acreditación foron excluídos os decanos dos centros por decisión expresa dos avaliadores e da Xunta de Galicia que quixo desvincular radicalmente os centros do propio Campus e, en consecuencia, os decanos. Estes só foron informados dos resultados do proceso de acreditación polo vicerreitor do Campus de Ourense nunha xuntanza informal que tivo lugar o pasado día 14 deste mes de decembro e que supón que no seu día serán informados de xeito oficial polo reitor nun consello de campus no que cando menos terán ocasión de deixar novamente constancia do seu malestar con todo o que rodeou este proceso, ao tempo que se felicita polo feito de que cando menos a cidade e o campus de Ourense poidan saír beneficiados dunha inxección que roldará os 3 millóns de euros nos vindeiros tres anos por moito que será difícil ver unha repercusión directa na Facultade.

Asemade, comenta que segundo lle transmitiu o coordinador do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural farase cargo da coordinación do PAT o profesor Francisco Javier Pérez Rodríguez en substitución do profesor Adolfo Fernández.

Tamén lembra que en relación coa celebración das xornadas da Facultade as Áreas que teñen docencia no segundo cuadrimestre deste curso académico xa deben remitir a súa proposta de relatores, ao igual que as do primeiro cuadrimestre do vindeiro curso académico, porque a convocatoria sairá previsiblemente no mes de marzo e é necesario pechar todo o programa. Pide que se pense no mes de xaneiro nas posibles propostas e que se aplicarán os mesmos criterios de selección que en ocasións anteriores, dando preferencia ás áreas que no curso anterior non fixeran propostas.

A profesora Susana Reboreda pide que se aclare a distribución dos contidos nas dúas datas previstas para as Xornadas (primeiro e segundo cuadrimestre). O decano sinala que a solicitude e o programa son para todo o curso académico, xa que as axudas se convocan con carácter anual e co mesmo contido para os dous cuadrimestres.

Respecto ás cuestións orzamentarias, lembra que se axuntou un cadro no que constan os diferentes apartados de gasto que pasa a explicar. Engade que na anterior Xunta de Centro xa informou que se conseguira executar a totalidade do orzamento previsto, agás 150€ procedentes do capítulo de actividades extraacadémicas que, por un erro, foi imputado dende asuntos económicos ao Centro e non á ECUL correspondente, así como unha pequena cantidade reservada para dietas de decanato que finalmente tivo que ser imputada a resarcir a un docente polo abono dunhas entradas co gallo dunha visita de estudos. Con relación a isto último, ademais do xa sinalado con relación á necesidade de que as saídas que impliquen un gasto a maiores en entradas ou similares deben realizarse antes de finalizar o prazo marcado por asuntos económicos para a realización de pedidos, lembra o acontecido nos meses de setembro e outubro xa que os centros deixaron para o final todos os pedimentos, tanto do apartado das cantidades que se asignan por docencia como os laboratorios ao que se xuntou que todos os provedores habituais xa superaran as cantidades que podían atender, o que estivo a piques de ocasionar a perda de cantidades importantes de diñeiro. Para evitar unha situación semellante, o ano vindeiro vai se establecer unha data anticipada e tope que, como o resto dos centros, será o 30 de setembro tanto para gastos de laboratorio como de material funxible, cun período de gracia de dous ou tres días. Reitera a necesidade de que as áreas se coordinen na medida do posible porque, como tamén se comentou, 550 € correspondentes a gasto realizado neste capítulo o presente ano 2023 non puido ser atendido neste orzamento e que é o que explica o déficit real no que se incorreu.

Ademais, lonxe de diminuír o gasto nas saídas incrementouse de 8.773,20 € do pasado curso académico a 8.937 € no presente e iso a pesares de que este ano non se realizou a saída de Historia de América, xa que de terse realizado o gasto tería aumentado de xeito moi considerable e xa supón o segundo capítulo de gasto da Facultade, por riba de todo o que se inviste en material inventariable en aulas, secretaría decanato, decanato e profesorado. Recorda, ademais, que non se poderá sufragar máis de un autobús por saída.

Neste senso, lembra ao profesorado que no exercicio de 2022 foi posible dispoñer dun financiamento extra de 10.000€ (9.000€ procedentes da Deputación Provincial de Ourense e 1.000€ achegados polo Grupo de Historia Contemporánea) que permitiron anticipar gastos do exercicio de 2023, cousa que non será posible en 2024. En consecuencia, dado o axustado do orzamento, se se considera como prioridade manter as saídas de estudo, prácticas de campo e xornadas e seminarios incluídos na programación docente das respectivas áreas, debe considerarse a posibilidade de que chegue un momento no que sexa preciso reducir gastos e só parece posible realizar esta redución en catro capítulos concretos: material inventariable, suposto no cal xa habería que solicitar un cambio de partida no primeiro trimestre de 2024, xa que unha diminución desta partida require un acordo previo do Consello Social, aínda que recorda que esta é unha partida especialmente sensible polo perigo de que se produzan imprevistos relacionados co mantemento das aulas de docencia que mesmo puideran obrigar, como sucede en moitos centros, a que os ingresos para laboratorios teñan que ser destinados a atender tales continxencias; os

gastos relacionados coa difusión do Grao, que supoñen algo máis dun 41% do gasto total (este ano gastáronse neste concepto 22.000 euros) e que tendo en conta que xa está comprometida unha nova campaña coa empresa Nasas Social and Media, cuxos responsables entenden que a campaña das personaxes de *Fai Historia con Nós* xa deu de si todo o que era posible, implicaría renunciar, por exemplo, á presenza da Facultade en feiras como Edugal e a algúns os talleres que realiza Xeitura nalgúns centros educativos; e, finalmente, a partida de docencia destinada ao profesorado, unha parte moi importante da cal se está facturando como fotocopias cando precisamente se incrementou de forma notable o gasto neste capítulo, polo que pide unha especial contención por parte do profesorado e os investigadores que imprimen cantidades inxentes de documentos, mesmo en cor, que ás veces resultan de difícil xustificación non só en termos económicos senón medioambientais. Engade que por parte da administradora do Campus tamén se lle está imputando á Facultade unha parte do gasto derivado do aluguer e o mantemento dunha impresora da Área de apoio a Centros, cuxo coste/copia resulta moi elevado en relación co que, por exemplo, se paga na Facultade pola obriga que teñen os servizos administrativos de adherirse ao acordo marco asinado pola Universidade.

A prof. Susana Reboreda considera en relación coas fotocopias, e dado que queda rexistrado quen as fai, non estaría de máis coñecer o gasto que realiza cadaquén e dar algún tipo de aviso cando o gasto dunha persoa se dispara. O decano sinala que ese aviso estase a dar de xeito individual a algúns dos implicados. Lembra asemade que todos os investigadores, teñan ou non docencia na Facultade, tamén realizan fotocopias, que son partidas, en principio de Departamento pero que é algo que o decanato pode asumir de momento, pero pide que tomemos consciencia do problema.

Pregunta o prof. Fermín Pérez Losada se sería posible que a maquina fotocopidora fixese facturas diferenciadas para a Facultade e o Departamento. Responde o decano que a factura é unitaria, pero que é posible saber que códigos son de investigadores e cales están vinculados profesorado para á docencia. Comenta que isto se podería facer chegado o caso, que agora mesmo non o é, insistindo en que se trata máis dun caso de concienciación persoal.

Por último, apunta que tamén sería posible reducir o gasto en protocolo, renunciando, por exemplo ás camisetas que se entregan ao alumnado no acto de benvida ou ao agasallo de Nadal.

A continuación solicita que os membros da Xunta se pronuncien sobre, chegado o caso, de cal destas partidas se podería detraer. A prof. Susana Reboreda sinala que é mellor agardar a que isto sexa unha necesidade real. Ábrese a continuación un debate no que se comentan distintas cuestións en relación co tema das fotocopias e tamén sobre o gasto en actividades docentes das diferentes Áreas, as posibles formas de economizar custes en actividades como ás saídas, así como da problemática que presenta a organización e planificación das mesmas.

**3. Aprobación, se procede, dos seguintes procedementos e rexistros de procedementos validados na xuntanza da Comisión de Calidade celebrada o 18 de decembro de 2023.**

**3.1.a. DE-02 Procedemento de Seguimento e Medición**

**3.1.b. DE-02 Seguimento. Anexo 1. Modelo de Cadro de mando**

**3.2.a. DO-0101 Procedemento de Deseño, Verificación, Modificación e Acreditación das titulacións oficiais.**

**3.2.b. DO-0101 Anexo 1. Formulario ACSUG.**

**3.3. DO-0102 Procedemento de Seguimento e Melloras das titulacións.**

**3.4. PE-02 Procedemento de Xestión do Persoal docente e investigador-PDI.**

**3.5.a. XD-01 Procedemento de Control dos Documentos e dos Rexistros.**

**3.5.b. XD-01 Anexo 1. Modelo de procedementos.**

O decano explica que se trata de procedementos e rexistros aprobados pola Área de Calidade da U. de Vigo no pasado mes de outubro aos que nos temos que adherir e que xa foron validados en comisión de calidade.

Apróbanse os procedementos por asentimento.

**4. Aprobación, se procede, da ponderación das materias de Debuxo Técnico (0), Historia da música e da danza (0,2), Análise musical (0,1), Literatura Dramática (0,1), Movements Culturais e Artísticos (0,2) e Coro e técnica vocal (0) a partires do curso 2024-2025.**

O decano lembra que na pasada xuntanza do 29 de xuño de 2023 aprobarase a proposta de factores de ponderación das diferentes materias dos Bacharelatos remitida pola Comisión Interuniversitaria de Galicia. Daquela, segundo explicara, presentárasenos unha proposta harmonizada co resto de distritos universitarios, pero dende aquela data diversos sectores sociais fixeron chegar algunhas suxestións e demandas propoñendo diversas correccións nos factores de ponderación de diferentes materias que no caso do Grao en Xeografía e Historia e no PCEO Turismo-Historia afectaban fundamentalmente a materias relacionadas co ámbito da Música. Por outra banda, a finais do mes de novembro, o Consello de Goberno da USC aprobou un cambio importante relativo aos parámetros de ponderación para o Grao en Medicina na USC que se aplicarán a partir de xuño de 2025, o cal fixo que dende as diferentes Universidades galegas se abrise a posibilidade de realizar cambios noutros factores de ponderación e, ao tempo, se fixesen eco dalgunhas desas propostas de revisión que chegaran dende diferentes colectivos. Engade que no caso de titulacións repetidas no SUG é preciso acordo de todos os centros, cousa que en principio non nos afecta. Aínda así, o decano, unha vez analizadas as competencias específicas das diferentes materias no Bacharelato, contactou co seu homónimo da USC para intercambiar opinións ao respecto, así como coa decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo para actuar

coordinadamente no caso do PCEO. Froito deses contactos é a proposta de ponderación que se xunta coa convocatoria e que se somete a votación.

Comenta a continuación a razón dos cambios que se recollen na táboa de ponderacións en relación coa proposta inicial. Sinala que as presións máis importantes para un cambio na proposta inicial procederon dos ámbitos da Música, o que explica que agora se recollan ponderacións para as distintas materias deste ámbito.

Lembra o decano que no fondo destas ponderacións está a batalla pola captación de alumnado nos institutos, o razoamento seguido polos decanos pretende potenciar as ponderacións de aquel nicho do bacharelato que é posible atraer. Este é o criterio seguido para, por exemplo, ponderar cun 0 Debuxo Técnico e, en cambio, outorgar unha ponderación elevada a Movimentos Culturais e Artísticos.

Apróbanse as ponderacións por asentimento.

## **5. Aprobación, se procede, da declaración de interese para a modificación non substancial do mestrado de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.**

O decano explica que o pasado 13 de decembro recibiu un correo no que o coordinador do mestrado, o profesor Fermín Pérez Losada, puña no seu coñecemento que a devandita declaración de interese fora aprobada na Comisión Académica Interuniversitaria do mestrado celebrada o pasado 22 de novembro, na que non estivo presente ningún representante da Uvigo, e non foi ata a primeira desas datas cando se lle comunicou que a modificación tamén requiría a aprobación polos centros responsables do título das Universidades de A Coruña e Vigo.

Comenta que nunha conversa coa Área de Calidade realizada antes de comezar esta Xunta, lle comunicaron que a día de hoxe non está previsto que se teña que realizar ningunha modificación semellante no grao.

Apróbase a declaración de interese por asentimento.

## **6. Aprobación, se procede, da modificación do regulamento de prácticas académicas externas grao en Xeografía e Historia.**

O decano cede a palabra ao coordinador de prácticas quen comenta as modificacións feitas no regulamento para adaptalo ao novo regulamento da Universidade. Son modificacións menores, pero moi importantes xa que se derivan da obriga que ten a Universidade de dar de alta na Seguridade Social a todo o alumnado que realiza prácticas curriculares.

O prof. Fermín Pérez Losada pregunta quen xestiona as altas e paga a cota na Seguridade Social. Responde o coordinador de prácticas que no caso das prácticas curriculares, sexan de grao ou máster, as xestións coa Seguridade Social corren a cargo da Universidade. No caso de prácticas extracurriculares, é a empresa a que se ten que facer cargo de todo o relativo á Seguridade social. O decano amosa a súa preocupación en relación con este último tipo de prácticas

xa que esta obriga pode resultar en que as empresas non estean dispostas a acoller alumnado para a realización de prácticas extracurriculares.

Apróbanse as modificacións do Regulamento de prácticas por asentimento.

## **7. Aprobación, se procede, dos informes da Avaliación docente do 2023 (Quinquenios).**

Comenta o decano que se recibiron as seguintes solicitudes:

Profesora Dna.: **María López Díaz**

Categoría: **Catedrática de Universidade**

durante o período (quinquenio):

**15/03/2018 ata 14/03/2023 (CU-TC)**

Profesor D.: **Joaquín Martínez Sánchez**

Categoría: **Profesor Contratado Doutor**

durante os períodos (quinquenio):

**01/09/2015 – 06/02/2016 (A3-P6) (TP)**

**01/09/2018 – 01/02/2019 (A3-P6) (TP)**

**09/09/2019 – 21/09/2020 (AX2-TC)**

**01/09/2020 – 31/08/2021 (AX2-TC)**

**01/09/2021 – 16/09/2022 (AX2-TC)**

**01/09/2022 – 29/01/2023 (AX2-TC)**

Profesor D.: **Francisco Javier Pérez Rodríguez**

Categoría: **Profesor Titular de Universidade**

durante os períodos (quinquenio):

**16/10/2015 – 03/07/2018 (TU-TC)**

**01/09/2020 – 14/12/2022 (TU-TC)**

Os informes da Avaliación docente son aprobados por asentimento

## **8. Asuntos de urxencia.**

Non constan

## **9. Rolda de intervencións.**

Non se producen

O decano pecha a reunión desexando bon Nadal para todos os membros da Xunta.

Remata a sesión ás 13,36 h do día 21 de decembro de 2023, da que eu como secretario dou fe co visto e prace do decano.



O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro